- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2023/000807)

PRP2024/2771

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Nogueirido, Bamio (S/Ref. 638223050094), consistentes na canalización de 116 m. para alimentar CPM, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

REPOSICIÓN DA BEIRARRÚA SEGUNDO INSTRUCCIÓN DO TITULAR DA ESTRADA - A XUNTA DE GALICIA (C.I.M.)

- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións

que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

- Cumpríranse estritamente as condicións establecidas polo titular da estrada PO192 - A C.I.M. da Xunta de Galicia (Expt. IF204A/PO/2023/1020)

- A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000044)

PRP2024/2773

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na Rúa Sobrán (As Laxes) (S/Ref. 638220060080), consistentes na execución de nova canalización soterrada de 0,4 x 1,00 m. con tubo PEAD diámetro 160 mm para conectar con CPM, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

GABIA LONXITUDINAL

- Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse o fresado da metade do carril, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

GABIA TRANSVERSAL

- Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado da gabia e 3 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que tendrán a consideración de obras “vinculadas” a licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de

- seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
 - A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000415)

PRP2024/2777

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica no lugar Aldea de Arriba, Cea (S/Ref. 63822049001), consistentes na execución dun novo telecontrol en LMT realizando a substitución de 1 apoio para mellorar o servizo eléctrico, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- Non se precisan autorizacións sectoriais.
- A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000443)

PRP2024/2779

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na rúa Castrogudín, O Vento (S/Ref. 638223090023), consistentes na execución de 26 m. de nova canalización soterrada de 0,4 x 1,20 m. con tubo PEAD diámetro 160 mm. para conectar con CPM, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabiá - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións

Reposición da vía e beiravía coas condicións establecidas na autorización sectorial da Deputación de Pontevedra.

- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

- Cumpriranse estitamente as condicións establecidas na autorización sectorial da Deputación de Pontevedra (Expt. 2020024362) ao estar na zona de afección da estrada EP9601.
- O interesado achega xustificante de presentación en Augas de Galicia Declaración Responsable das obras solicitadas.

A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2024/000494)

PRP2024/2780

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Marinheiro Martins, para acometida á rede municipal de auga para rega de xardín na rúa dos Anxos, 34 (Ref. Cat. 9084333NH1198S0001WT), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades de rega de xardín**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Exp.URB/2013/000323)

PRP2024/2781

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rosario Paulos Cespón, para acometida á rede municipal de auga, na rúa Castrogudín nº 2, O Vento (Ref. Cat. 2768504NH2126N0001QH), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Exp.URB/2024/000560)

PRP2024/2783

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Nadia Carolina Golly Gil en representación de COMO EN CASA TAKE AWAY S.L. para legalización de rótulo aplacado en fachada na Avd. Doutor Tourón nº 4 baixo, posto que se adapta ás condicións do PXOM . (Exp.URB/2024/000499)

PRP2024/2833

Informar favorablemente a solicitude presentada Dna. Carolina Couselo Fariña en representación de RODRÍGUEZ Y COUÑAGO DE REDONDELA S.L, para obtención dunha prórroga da licenza para instalación de guindastre torre na Avd. Doutor Tourón nº 31 (Ref. Cat. 9254105NH1195N0001QG) que foron autorizadas por Resolución de Alcaldía de data 12.01.2023 e sobre as que xa foi concedida unha prórroga de 6 meses mediante Resolución de Alcaldía de data 16.01.2024 (Expte. URB/2022/000610)

PRP2024/2836

Informar favorablemente o arquivo do expediente de solicitude de licenza presentada por D. Luís Varela Núñez para legalización de obras en vivenda unifamiliar situada na rúa Casal nº 11, Bamio, por falta de presentación da documentación requirida desde o ano 2022, polo que de conformidade co artigo 354.1 do RLSG ténselle por desistido da súa petición. (Expt. URB/2021/001086)

PRP2024/2842

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Rafael Trelles González, para arranxo de tellado, instalación velux e apertura de oco en vivenda unifamiliar, situada en Trav. Barrio Novo nº 9, Carril (Ref. Cat. 9179710NH1197N0001IE), tal e como se describen na documentación presentada, sen modificación de volume nin estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en

consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp.URB/2024/000203)

PRP2024/2846

Informar favorablemente a solicitude presentada por Espinosa & Rodríguez Architects Projects Managers S.L. en representación de SINORDEM SL para obras de mellora de illamento acústico de local para discoteca situado na rúa Juan García nº 6, baixo (Avd. da Mariña nº 34) (Ref. Cat.: 9262503NH1196S0002WK), de conformidade co documento técnico "Mejora de aislamiento acústico de local para destinalo a discoteca" asinado dixitalmente con data 22.04.2024.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Unha vez rematadas as obras, realizarase a tramitación correspondente para inicio da actividade económica de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp.URB/2024/000385)

LICENZAS DE SEGREGACIÓNS

PRP2024/2851

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Javier Parracho Fuentes en representación de Dna. Celia Fajardo Nogueira, para segregación de fincas na rúa Mestres Trigo e Pazos nº 42 (Ref. Cat.: 6621307NH1162S0001BY e 36060A045005860000GG) de conformidade cos informes técnico e xurídico desfavorables, toda vez que vista a documentación que consta no expediente non se emendaron os requirimentos efectuados, en particular o referente á indicación

de todas as superficies afectadas polas aliñacións establecidas no PXOM e á cesión para a súa incorporación a vía pública, de conformidade co establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, procedendo ao arquivo do expediente. (Exp. URB/2023/000350)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2024/2834

- Mediante Resolución de Alcaldía de data 14/04/2021 concedeuse licenza de obra a D. César Conde Fructuoso para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na Avd. Rosalía de Castro nº 205, Carril (Ref. Cat. 8582910NH1188S0001JQ), de conformidade co proxecto básico dos arquitectos D. José Luis Recuna Cuiña e D. José María Fernández Dapena, asinado o 26/10/2020, cun prazo de inicio das obras de seis meses e de remate de tres anos.

- Con data 23/11/2021, mediante Resolución de Alcaldía concedeuse a D. César Conde Fructuoso unha prórroga de seis meses para inicio das citadas obras.

- Mediante escrito de data 04/07/2024, D. Juan Antonio Vélez Silva solicita a transmisión da licenza e unha prórroga para o inicio das obras.

Á vista do exposto e vista a documentación e os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, o Consello da Xerencia:

1º Informa favorablemente a transmisión da licenza a favor de D. Juan Antonio Vélez Silva.

2º Informa favorablemente a concesión dunha prórroga de seis meses para inicio das obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na Avda. Rosalía de Castro nº 205, Carril, autorizadas por Resolución de Alcaldía de data 14/04/2021. (Expte. URB/2020/000838)

PRP2024/2835

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sandra González Rodríguez en representación de D. Gustavo Rodríguez Rodríguez e Dna. Carmen Tomás Sánchez, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de rúa Rubiáns de Arriba s/n, de conformidade co proxecto básico redactado polos Arquitectos Dna. Sandra González Rodríguez e D. Rafael Castro Armesto, asinado electronicamente o 11.04.2024 e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública de data 16.07.2024. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Núcleo Periférico, Grao 2 (NP2)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: residencial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 40% (80% se só é planta baixa)
4. Orzamento de execución material: 131.075,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 2136207NH2123N0001KA
6. Técnicos directores das obras: Arquitectos Dna. Sandra González Rodríguez e D. Rafael Castro Armesto

Directores das obras Dna. Sandra González Rodríguez e D. Rafael Castro Armesto

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do

outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde e oficios de dirección de execución material e de coordinador de seguridade e saúde).**
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG. (Expt. URB/2024/000020)

PRP2024/2848

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Nuria Rodríguez Ordás en representación de D. José Luís Suárez Rosales, para a obtención dunha prórroga de seis meses para execución das obras de construción de piscina en Camiño Real de Trabanca nº 35, Carril (ref. cat.: 94821NH1198S0001GT), que obtivo licenza por Resolución de Alcaldía de data 20/12/2023. (Expt. URB/2019/000918)

PRP2024/2852

Informar favorablemente o desistimento da solicitude de licenza de obra para construción de edificio para 48 vivendas en rúa Preguntoiro, Vilaxoán, que foi presentada pola entidade PROREYES, SL con data 11/04/2008, e proceder ao arquivo do expediente, de conformidade co informe xurídico emitido ao respecto no cal se indica:

".... dado que o desistimento dunha solicitude ou a renuncia a un dereito é unha potestade que ten todo interesado, ao amparo do art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimiento Administrativo Común, procede aceptar tal desistimento e o arquivo do expediente, sen prexuízo de que, se as obras estivesen iniciadas, procedería a tramitación do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.

Non obstante, con respecto á solicitude de devolución da taxa administrativa, a Ordenanza Fiscal nº II.9, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, establece no seu art. 2:

“Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade municipal técnica e administrativa, tendente a

verificar se os actos de edificación e uso do solo ó que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, texto refundido aprobado polo Real Decreto 1346/76, de 9 de abril, e que se realicen no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa urbanística deste municipio”

Polo tanto, o feito impoñible prodúcese pola tramitación administrativa que se orixina a raíz da solicitude da interesada, polo que, non procede a devolución da taxa en cuestión."

Déase traslado ao Departamento de Recadación aos efectos oportunos (Expt. URB/2024/000603) (Exp. orixinal: 331/08)

PRP2024/2849

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Tanoira Carballo en representación de Dna. Paula Souto Buceta, vistos os informes técnico e xurídico, para cambio de uso de local a vivendas na Avda. Rosalía de Castro nº 121, de conformidade co proxecto básico e de execución de cambio de uso de almacén para 2 vivendas, redactado polo arquitecto D. Manuel Tanoria Carballo, con visado colexial do 03.11.2023 e 15.04.2024.

- No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/97, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 356. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso,

certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2023/001046)

COMUNICACIÓN APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2024/2785

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por Dña. María de las Mercedes Rolán López para inicio da actividade de servizos fotográficos (Epígrafe 973.1) en local situado na rúa Arcebispo Xelmírez nº 1, local 4, con referencia catastral 9559801NH1196S0004BB. (Expte. ACTI/2020/000016)

PRP2024/2786

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por D. José Luís Bernández Sotelo en representación de BERSOT, para inicio da actividade de perruquería canina (Epígrafe 979.4, 659.7) en local situado na Avda. López Ballesteros nº 2, baixo 7, con referencia catastral 9664813NH1196S0007FM. (Expte. ACTI/2022/000013)

PRP2024/2832

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 13.12.1995 á entidade MIGARCO S.L., para a actividade de cafetería (epígrafe 672.3.- cafetería dunha cunca) situada na rúa López Cuevillas nº 6, planta baixa, local 3 (Ref. Cat.: 9157801NH1195N0040BL), quedando subrogada a entidade CENTRO COMERCIAL EUROPA S.A.U na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.2 Cafeterías do Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de decembro, asinada dixitalmente o 12.07.2024. (Expte. ACTI/2024/000051)

PRP2024/2853

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data 24.03.1987 a D. Ramón Barba Espiño, para a actividade de venda de mobles polo miúdo no local denominado "MUEBLES MONCHO" situado na Avd. Rosalía de Castro, 105, baixo (Ref. Cat.: 9076301NH1197N0002QR), quedando subrogada a entidade MUEBLES RAMÓN Y MARTA S.C. na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2024/000058)

PRP2024/2854

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da comunicación previa de cambio de titularidade outorgada por Resolución de Alcaldía de data 16.01.2024 a favor de CARRERA DIÉGUEZ CENTRO AUDITIVO S.L. da licenza outorgada no seu día a GAES S.A., para a actividade de comercio de venda polo miúdo de aparellos médicos.ortopédicos, centro auditivo "AUDICOST VILAGARCÍA" situado na rúa A Baldosa nº 17 baixo (Ref. Cat.: 9261506NH1196S0001MJ), quedando subrogada a entidade VARELA CARRERA S.L. na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expt. ACTI/2024/000065)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:35 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.